

ANUNCIO

Asunto: NOMEAMENTO DE PAULINO ALVARIÑO RODRIGUEZ COMO FUNCIONARIO INTERINO POR EXISTENCIA DE VACANTE PEÓN LIMPEZA VIARIA

Faise público que con data 03.05.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 562/2024 cúa parte dispositiva di:

PRIMEIRO.- Nomear a Paulino Alvariño Rodriguez como funcionario interino para desempeñar temporalmente unha praza do grupo: agrupacións profesionais (AP); escala: administración especial; subescala: servizos especiais; clase: personal de oficios; denominación: peón de limpeza viaria, incluída na OEP 2023 que se atopa vacante e ata a súa cobertura definitiva por un/unha funcionario/a de carreira ou amortización da praza, sen prexuízo de que con carácter previo se poida producir calquera outra causa de cese para o persoal funcionario interino prevista nos artigos 24 da LEPG e 10 do TREBEP.

Con todo, o nomeamento queda condicionado a que, transcorridos tres anos desde o nomeamento, producírase o remate da relación de interinidade, e o posto vacante só poderá ser ocupado por persoal funcionario de carreira, agás que o correspondente proceso selectivo quede deserto ou se acorde a súa amortización.

Excepcionalmente, poderá permanecer no posto que ocupe temporalmente, sempre que se publicase a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, contado desde a data do nomeamento do persoal funcionario interino e sexa resolta conforme os prazos establecidos no artigo 48 LEPG. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cesamento dea lugar a compensación económica.

SEGUNDO.- Requirir a Paulino Alvariño Rodriguez para que tome posesión no prazo improrrogable de tres días desde a publicación da presente resolución na páxina web do Concello debendo achegar, con carácter previo, a seguinte documentación:

-Declaración de responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incurrir):

- o Aceptación expresa do nomeamento ou contratación, segundo proceda.
- o Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.
- o No caso de persoal funcionario, non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trata de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.
- o Non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.

-Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais, de ter cambiado respecto dos que xa constan no concello.

Dado que o nomeado acaba de finalizar unha relación de emprego co concello, exímese de achegar certificado médico acreditativo da súa capacidade funcional e número de afiliación á seguridade social.

No caso de que no prazo sinalado non cumpra coa presentación da referida documentación (ou desta se deducira que non reúne os requisitos esixidos) ou ben non proceda na data sinalada á incorporación/toma de posesión, entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, de tal xeito que non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía propondrá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa; e ademais, agás que

poida acreditar, documental e fidedignamente, causas/razóns de forza maior que xustifiquen o dito cumprimento, pasará a ocupar o último lugar da bolsa. Así mesmo, pasará a ocupar o dito último lugar da bolsa, no caso de que proceda a renunciar ou desistir expresamente do posto de traballo unha vez aceptado expresamente o nomeamento ou contratación e antes de proceder á toma de posesión/formalización do contrato de traballo.

TERCEIRO.- Dar conta desta resolución aos Departamentos de Intervención e Persoal, así como á Xunta de Persoal; e publicar o nomeamento na web e no taboleiro de edictos.

CUARTO.- Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

0-0
096
150
P-
F:
CT

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.